



O PICOTO



C.P.I. DE BEMBIBRE CURSO 2022/2023

3ª EDICIÓN

Boas rapazada!
 Preséntovos a 3ª edición
 de "O Picoto", o xornal
 do C.P.I. de Bembibre. O
 deste ano é unha
 chulada.
 Difrutadeo!



Portada 4º de infantil

Local-Turismo Pax. 3, 4

Historia Pax. 5, 6

Cultura e letras Pax. 7 a 9

Arts & English Pax. 10, 11

Fotos Pax. 12, 13

English magazine Pax. 14, 15

Cultura e deporte Pax. 16 a 17

Entrevista e deporte Pax. 18

Pasatempos Pax. 19 a 23

Contraportada Pax. 24

TURISMO


De ruta polo Val do Dubra



O alumnado de 5ºA e 5ºB convidávos a visitar algúns interesantes recunchos do concello:



- ❖ **Castelo de Portomeiro:** trátase dunha fortificación altomedieval ocupada entre os séculos IX e X d.C. que está asentado nun xacemento castrexo do século II a.C. Sitúase na parroquia de San Cosme de Portomeiro.





- ❖ **A Telleira:** trátase dunha antiga fábrica de tella composta por unha edificación baixa e unha cheminea. O barro rescatábase na zona do actual campo de fútbol, por iso, leva o mesmo nome: a Telleira.



- ❖ **Capela de San Xoán e Santa Margarida:** trátase dun templo que data do século XVII, aínda que nos arquivos históricos aparece unha capela de mediados do século XIII. Ten, ademais, a particularidade de ter albergado dúas pezas do antigo coro do Mestre Mateo da Catedral de Santiago de Compostela.



- ❖ **Ruínas da Igrexa de Novais.**



A ermida de Santo André en Novais, no 1.607 estaría anexa á casa reitoral. Esta ermida tiña un cáliz e unha patena de prata propios. No 1.807 estaría totalmente arruinada. Na actualidade, as pezas están no Museo da Catedral.

HISTORIA

O alumnado de 5ªA e 5ªB buscou información sobre algunhas das moitas construcións de orixe medieval que temos en Galicia. Castelos, mosteiros e catedrais encheron a nosa parede e tamén se atreveron a facer maquetas.



Maqueta do **Castelo de Soutomaior** que é metade fortaleza medieval do século XII e metade palacio neogótico do século XIX. Está formado por dúas torres unidas por un edificio habitable e un patio de armas rodeado por dobre muro. Este Castelo está ligado á figura de Pedro Madruga que o mandou reconstruír logo que foi derrubado nas revoltas irmandiñas. Na actualidade pertence á Deputación de Pontevedra.

Debuxo do **Mosteiro de Oseira** na provincia de Ourense. Foi o primeiro mosteiro da orden do cister en Galicia e debe o seu nome a que nese lugar había moitos osos. Construído a finais do século XII sufriu un grave incendio no século XV pero foi reconstruído entre os séculos XVI e XVII e na actualidade está en moi bo estado de conservación. Coñecido como o Escorial galego polas súas enormes dimensións, está ocupado unicamente por doce monxes.



Traballos das provincias de A Coruña e Pontevedra

O NOSO LEGADO MEDIEVAL

Entre os séculos VIII-XIII, o territorio galego comezou a poboarse de castelos. Neste proceso construíronse unha serie de fortificacións con funcións defensivas: torres e castelos. Ao longo dos séculos, estas estruturas adquiriron novos labores vinculados á imaxe e mostra do poder señorial. Un feito ben representativo disto foi a Revolta Irmandiña, cuxa destrución e a posterior orde dos Reis Católicos representou o tránsito da Idade Media á Moderna. A nobreza deixa o castelo e instálase no pazo. En Galicia quedan arredor de 79 fortificacións, entre castelos e torres, que sobreviviron ao paso do tempo.


Coa chegada dos suevos Galicia cristianizouse, extendéndose primeiro os eremitorios (Prisciliano, Martiño de Dumio) e, deseguido, os cenobios. Deste primeiro monacato confrontáronse dúas ordes: a regra beneditina (s. X) e a cisterciense (XII). A importancia e a influencia da Igrexa foi fundamental no desenvolvemento político e económico do Reino: a ordenación territorial foi determinada por parroquias e a produción agraria e comercio eran organizadas en moitas zonas polos mosteiros.



Maqueta dun castelo que podería ser unha reconstrución do Castelo da Rocha en Santiago



Maqueta do Castelo de Santa Cruz (S.XVI). A construción de castelos continuou despois da Idade Media.



Traballos das provincias de Lugo e Ourense

Xa chegan os Maios!!



Ola rapaces; eu son Maiolo e quero ser o voso amigo. Vouvos dicir o uso que lle dá a xente ás plantas e ás flores, xa que gustamos delas para adornar nas celebracións, para festexar datas importantes, para amosar agradecemento...

Nestas datas a xente está satisfeita porque chegou a primavera e dan o seu froito os cultivos. Por iso, en moitos lugares os rapaces festéxano facendo un maio con forma de pirulí e cóbreno de fiúncho, laranxas, ovos e flores. E despois andan con el polos arredores e van cantando cantigas para que as escoite a xente.

Os rapaces de terceiro quixemos celebrar estas datas con debuxos e cantigas, así que aquí vos deixamos algunhas das coplas e creacións para festexar estes días!


“Que aínda me resfrío, vai queimar o tallo, pono no almanaque, ata o 40 de maio”

Comezamos este Maio con bicos e alegría, nenos e nenas de terceiro desexámosvos bo día.

Este ano con Varela moi ben o pasamos nós, divertímonos xogando e saltando mogollón.

Con Catuxa e con Patricia damos plástica e inglés, facemos manualidades e pasámolo moi ben.


Coa nosa profe Águeda “traballar e traballar”, nós cansámonos un pouco e pedimos *pra* xogar.



Os nenos de primaria o Maio festexamos e por iso con forza todos cantamos.

Xa chegou o maio fermoso e florido, xa chegou o maio cheo de colorido.

Maió amigo, que traes contigo? Un sol quentiño, unha morea de flores e bolboretas de cores.



Xa ven o verán, xa ven a calor, xa se achega o día de poñer o bañador.

Por estas datas manda a tradición a encher as rúas de maios e cancións.

O timbre do colexio eu non quero oír, pero sí que me gusta que toque para saír.

Estes días no patio morremos coa calor, a ver se chega o verán para ir de vacacións.


Xa chegou o Maio e estamos cansos de *verdad* no cole e na casa aínda toca estudar.




Para facer un Maio debemos esforzarnos, decoralo moi bonito dá moito traballo.

A nai natureza
coas súas flores
traen para os maios
moitas, moitas cores.

Este ano os maios
veñen moi mollados,
se non para de chover
non poderemos pasealos.



Os nenos de terceiro
somos moi revoltosos,
pero todos temos
corazóns fermosos.



Chegou o Maio xa
aos nosos xardíns,
nel atopamos as flores
para o noso Maio cubrir.



Os de terceiro
traemos flores
para que o Maio
teña mil cores.


Fiúncho, pampullos
e outras flores,
para que o Maio
fale de amores.

Laranxas, ovos,
ristras de flores,
para que o Maio
se vista de cores.



Fixémolle unha saia
a este maio noso,
para que estivese
florido e fermoso.

Un colar de laranxas
roubadas nunha eira,
esperamos que a dona
non nos tire das orellas.



A primavera chegou
e o inverno marchou.
As flores despertaron
e a neve espantaron.

Os paxaros cantaron
e saíron coma os raios,
e moitos bugallos apañaron
para os maios deste ano.

As cores relumbraron
e nos ollos dos profes
aterraron.

Este novo ano
volvemos os maios,
traemos estes cantos
moi ben entoados.



Con ovos, flores e laranxas
un Maio construiremos
para recibir a primavera,
ésa que tanto queremos.

Xa chega a primavera
e con ella os maios,
coa miña familia
imos desfrutalos.



Un cordial saúdo,
ata aquí chegamos,
despedímonos con pena
ata o vindeiro ano.



**LENDAS
DA CONTORNA**

En San Cristovo de Portomouro (Val do Dubra), no alto dun outeiro á beira do río Tambe hai uns túmulos antropomórficos coñecidos como "Pedra do Home", e



polos veciños tamén como "Pedra dos Mouros". Trátase dun conxunto de túmulos labrados na rocha granítica típica da zona. Son máis dunha ducia, dos que xa se perderon varios.



Antes da súa destrución, a rocha na que se atopan os sarcófagos estaba polo menos 5 metros máis alta que hoxe, segundo os veciños, tiña forma de "menhir" e tiña unha escaleira e unha plataforma desde a que se podía ver a ponte e o río, e mesmo o mar. O que quedou destruído foi a parte superior da rocha sólida que aínda hoxe se ergue a varios metros de altura.



A maior altura que acadaba orixinalmente (a pesar de estar medio soterrada), perdeuse por voaduras realizadas na procura dun suposto tesouro dos "Mouros".



Conta a lenda que os mouros ocultaban os seus tesouros nesa contorna , na

que estaban asentados , os habitantes da zona buscaron e seguen buscando neles sin atopar rastro .

Portomouro>Portomauri, significa lugar de paso, paso moi antigo.Un paso mouro, un paso feito na época daqueles seres lendarios galegos que son responsables no imaxinario popular das grandes construcións antigas.

mouros

Os mouros a pa rec en nas lendas con a nencia humana, ou como xigan tes, mais sempre dotados d unha forza sobrenatural. Viven debaixo da terra e nunca abandonan os seus labirintos subterráneos, onde ocultan fabulosos tesouros. Consideráanse os construtores dos túmulos prehistóricos, dos castros, das pontes e doutras estruturas de orixe antiga e descoñecida. Para a xente do campo.

Ainda que son máxicos, fan actividades propias dos humanos: Cocían, lavan, van por auga, teñen cabalos, cñan porcos, pitas, bois, beben, tecen, fñan, mallan, bailan, cantan e tamén gardan tesouros aos que lle dan ningún aprecio.

Os mouros, malia o que poida parecer, nada teñen que ver coas persoas de orixe musulmá.



ARTS

LIDIA CAO (3º de Primaria)

Lidia Cao is an illustrator from Galicia. She was born in Santiago de Compostela in 1997. Since childhood she was interested in drawing books and she has always wanted to fill anything that fell into her hands with drawings. Lidia Cao never attended private lessons and she considers herself mostly self-taught. From a young age, Lidia was interested in drawing, particularly the study of human figures and portraiture.



OUR FAVOURITE CHARACTERS (1º DE PRIMARIA)**GRAPHIC NOVEL: "The invisible soccer goalkeeper" (2º de primaria).**



4º DE INFANTIL

Guille, José A. R., Lucía, Luka, Valeria, Massi, Nerea, Sofía, Sara, Karla e José A. G.



5º DE INFANTIL

ARRIBA: Patri, Xulia, Aitana, Irene, Manuel, Lucas, Pedro, Martiño, Renata e Saúl.
ABAIXO: Mateo, Lois, Pablo, Martín, Izan, Leo e Jairo.



6º DE INFANTIL

ARRIBA: Noelia, Xabi, Iago, Lucas, Mateo I., Eloy, Tiago B., Mateo V., Hugo N., Samu, Hugo B. e Cristina
ABAIXO: Valentina, Thiago G., Paulo, Ariadna, Adriana, Clara e Jan.



1º DE PRIMARIA

ARRIBA: Samuel, Mateo, Daniela, Enzo, Carla, Alma, Vega, María.
ABAIXO: Abril, Dario, Lucas, Noa, Azahara, Julia, Melina, Nerea.



2º DE PRIMARIA

DE ARRIBA A ABAIXO: Anthony, Carlota, Aday, Martina P., Daniela, Aarón, Martín, Marco, Bruno, Nerea, Carla, Naiara, Sofia, Jesús, Xian, Iraide, Martina B., Noa, José, Gabriel e Adriana



3º DE PRIMARIA

ARRIBA: Diego, Eloy, Paula, Andrea, Valentina, Martín, Xael, Hadriana e Marta.
 ABAIXO: Jadel, Brais, Fabián, Lois, Ismael, Jairo e Kevin.



4º A PRIMARIA

ARRIBA: Pedro, Lucía, Ainara, Pepe, Zaira, Ale, Gonzalo A., Manuel, Jacobo e Carlotta.
 ABAIXO: Alejandro, Lía, Javi, Alma, Irina, Gonzalo P. e Valentino.



5º A PRIMARIA

ARRIBA: María, Martín, Yago, Pablo, Xian, Xabi, Antonio, Daniela, Tara e Carla.
 ABAIXO: Kevin, Mateo, Manuel, Belén e Eva.



5º DE PRIMARIA B

ARRIBA: Raúl G., Nico, Carmen, Izan, Luis, Noa, Joel, Efrén, Ale, Iván e Fani.
 ABAIXO: Nerea, Kevin, Raúl F., Mateo e Alba.



6º DE PRIMARIA

ARRIBA: Alba, Joel B., Andrea, Unai, Alba, Antía, Lucía, Joel L., Inés e Yesús.
 ABAIXO: Indhira, Gisela, Luis, Brais, Martín, Noa, Nico, Nerea e Nereida.

OUR IDEAL SCHOOL



We are very pleased to inform you that next year this school may undergo several changes ... Are you ready for this ?

School staff :

- ✓ Headmaster: Ibai Llanos
- ✓ Head of studies : The Rock
- ✓ Music teachers: Lola indigo, Tanxugueiras , Trueno and Alma.
- ✓ Sports teacher : CR7
- ✓ Science teacher : Frank of the jungle
- ✓ Cooking teachers: Arguiñano and Pedro
- ✓ Driving teacher: Fernando Alonso
- ✓ Technology teacher: TheGrefg

Space: Our classrooms will have individual laptops for every student and sofas instead of chairs. If you are tired you can rest and relax in the garden or the swimming pool.

School timetable: 11: 00 – 13:00 (Monday, Wednesdays and Fridays)

Welcome to the new CPI Bembibre !

4th grade

ANIME



Last Thursday , we had an unexpected visit, Itachi was in our school! He is a very famous Anime character from Naruto. Anime is a Japanese animation style, all anime shows are cartoons but not all cartoons are anime .

The characters in anime have specific characteristics : large eyes, untamed hair and long arms and legs.

The most popular anime of all time are : Dragon Ball, Pokemon , Naruto or One Piece.

6th grade



Alba G .

AMAZING ANIMALS

The 5th grade students were doing a research about amazing animals and these are their winners :



Clown Mantis Shrimp

It is a relative of crabs and lobsters, and it is faster than a bullet. He uses its incredible direct to kill soft-bodied fish. It is a shrimp that hunts with punches



Balloon Frog

This frog is a species of narrow-mouthed frog. It became viral because many people thought it was a tortoise or a ceramic figure! It looks like a rock!




Blue Dragon Fish

It is a type of mollusk and despite it looks like an impressive creature it is very small. (Less than 3 cms long) . You can find it in tropical waters such as the Pacific or the Indian oceans.



Pacu Fish

This fish is known for biting the testicles of male swimmers. It is a type of piranha with "human-like" teeth. It is native to the Amazon rainforests rivers but you can find it in another rivers too. Be careful...



XOGOS POPULARES E TRADICIONAIS COÑECIDOS E PRACTICADOS POR PERSOAS DE BEMBIBRE

O alumnado de 6º de Educación Primaria fixo unha indagación para recopilar xogos populares e tradicionais entre a xente da súa contorna. Unha vez coñecidas e descritas estas actividades, participaron nunha xornada (xunto co alumnado de 5º) onde se puxeron en práctica algúns dos xogos. Finalmente, os alumnos e alumnas empregaron o programa "Tinkercad" para deseñar algúns dos elementos empregados nos xogos e imprimíronse na impresora 3D (as pezas impresas son as que aparecen nas imaxes en material branco).

A continuación deixámosvos información sobre algúns dos xogos traballados, algúns deles descoñecidos polo alumnado ata o momento.

A Petanca:

Á petanca xógase con dúas ou tres bólas de metal que se lanzan a unha bóla máis pequena chamada boliche. A bóla que quede máis preto do boliche gaña. Cando dúas bólas están moi pegadas ao boliche mídese a distancia cun metro para saber o gañador.




A Chave:

Para este xogo precísase unha chave (que pode ser de diversas formas) e unhas pezas chamadas pesos que se lanzan a unha distancia duns 20 pasos. O obxectivo é intentar darlle á chave para sumar puntos.

O tres en raia:

Só poden xogar dous xogadores. Debúxanse 9 cadros nunha superficie ou emprégase un taboleiro con eles debuxados. Cada xogador debe ir colocando unha das súas pezas de maneira alternativa co obxectivo de facer unha fila de tres, dá igual se é diagonal, vertical ou horizontal.



Trompo:

Faise un círculo na terra e ao lanzar o trompo (unha buxaina) dentro do círculo, ten que rodar dentro e, se te saes, perdes. Ao perder, tes que deixar a túa buxaina, co risco de que batan outras na túa e rompa. Non podes volver a tirar ata que a túa buxaina estea fóra do círculo polos golpes das outras.

O Pano:


Divídense os xogadores en dous equipos e outra persoa aguanta do pano no medio do campo. Os xogadores de cada equipo reparten os números acordados. Cando a persoa do centro di un número, os xogadores con ese número teñen que correr polo pano e tratar de chegar ao seu campo sen que o rival o alcance.

Canicas:

Hai moitos xogos coas canicas. Para un deles, primeiro tes que facer un oco no chan e, despois, sepárate uns metros del e lanzas a túa canica, se a metes no oco primeiro, gañas.

As chapas:

Cada xogador coloca a súa chapa na liña da saída. Por quendas, cada participante impulsa cun dedo a súa chapa, intentando avanzar o máximo percorrido sen saírse do circuíto. Despois de tirar, se a chapa queda dentro do circuíto marcado, déixase onde está; se sae, vólvese ao lugar dende onde tirou. Gaña o primeiro que chega á meta.

A billarda:

Tamén se coñece como a estornela. Necesítanse 3 paus, dous pequenos (billarda) colocados no chan un enriba doutro e un grande (marro ou palán) agarrado coas mans. Pinzas a billarda co palán e, cando estea no aire, golpéala tratando de chegar á meta.

A mariola:

Debúxanse no chan uns cadros con números do un ao nove. Debes lanzar unha pedra ao cadro co número un e saltar no resto dos cadros á pata coxa, menos nos dobres. Chegas ao punto de partida, tiras ao número 2 e así sucesivamente. Se lanzas a pedra fóra ou perdes o equilibrio e caes, perdes a quenda e deberás volver a tirar dende ese número. Gañas cando completes o percorrido de todos os números.

Tiro da corda:

Hai dous equipos, que terán que tirar da corda ata intentar que o outro equipo pase dunha liña que hai no chan entre os dous equipos.

O alumnado de 6º

HOXE ENTREVISTAMOS A.....*O GATO DE BEMBIBRE*

1.Como naceu a túa paixón polo fútbol?

Dende pequeno xogando na casa e no parque co meu irmán.

2.Normalmente todos/as os/as cativos/as queren marcar goles.Por que decidiches ser gardameta?

Empecei como xogador pero un día faltou o porteiro do equipo e púxenme ,dende ese día me foi gustando máis e máis.

3.En cantos equipos xogaches?

Dubra, Compostela,Oviedo B , Racing de Santander e Atlético Baleares

4.Tes ou tiveches algún ídolo no mundo do fútbol? Casillas ou Valdés .

5. Tes algunha manía ou un amuleto cando saes ao campo?

Poñer botas e luvas dereitas antes que as esquerdas,tocar os paus,...tamén levo amuletos na mochila.

6. Cales consideras que son as túas virtudes?

O traballo, esforzo e ganas de mellorar día a día.Iso é o máis importante en calquera cousa que fagas.

7.Cal é o estadio máis espectacular que visitaches como xogador?

O Sardinero (Santander) ou Riazor (A Coruña) .

8.Cal é o momento máis especial da túa carreira ata o de agora?

O ascenso co Racing a segunda división foi espectacular.Ese ano foi moi bo.Inesquecible.

9.Que tal te adaptas en Mallorca? Adáptome ben pero a morriña está aí.

10.Cales son os obxectivos do equipo este ano?Loitar por salvar a categoría.

11.Que plans de futuro tes?É difícil , primeiro acabar o ano ben co equipo e logo ver que pasa no mercado durante o verán.

"Apertas para todos os nenos e nenas do Cpi de Bembibre "
Lucas



Lucas Díaz Parcero

Gardameta

Atlético Baleares

5 preguntas en 5 segundos

Unha comida : Churrasco

Unha cor : Vermella

Un lugar : calquera coa miña familia e amigos

Un hobby preferido: Padel

Un equipo de 1ª división: Barcelona

Un colexio: sen dúbida o CPI Bembibre




ADIVIÑAS

5ª ED. INFANTIL



A DIVIÑA QUEN
SONEU? AO IR,
SEM ELA QUE VEÑO
E AO VIR, É QUE
ME VOU.



CAL É O

NON O PREZO
E SON UN PETXE
E ANTIÑA
FORMA REFLETA
UNHA PEZA DE ADEZ.



ANIMAL QUE
SEMPRE
CHEGA AO
FINAL?


ADIVIÑA QUEN É CADA PROFE ...





SOPA DA 1ª
VOLTA AO MUNDO

→ Atope as palabras que hai máis abaixo:




Bahía - Capitán - Estrecho - Motor - Ruta
 Navegante - Expedición - Tripulación - Naves
 Islas - Esfericidad - Náutica -
 Geografía - Exploración - Portugués - Elcano

COUSAS AGOCHADAS

→ Atope dentro do debuxo:

un rato - gafas de sol - un galo - un pastor
 un sobre - un carrubo - un óso - un peixe
 un lirio - un sobre - un zapato - un anzol
 dous xeados - unha cencerria - un corazón
 unha campá - unha máscara -
 unha moza - un saleiro



MOMIAS



TÍTULO ORIGINAL: MOMIAS

AÑO: 2023

DURACIÓN: 88 minutos

PAÍS: ESPAÑA

DIRECCIÓN: JUAN JESÚS GARCÍA

XÉNERO: comedia aventuras animación

SINOPSE:



CRÍTICAS:

"É UNHA PELI CHULÍSIMA E DÁ MOITA RISA"

"É UNHA PELI XENIAL"



Unhas momias de Exipto querían recuperar un anel e non lle quedou outra que buscalo. tiveron que lo ao mundo dos vivos, en Londres. A súa misión non foi fácil pero en equipo trabállase mellor.

